

GALICIA E CASTELA: ORIXE, EVOLUCIÓN E FRACASO DO MITO ANTICASTELÁN

XOSÉ R. BARREIRO FERNÁNDEZ

*Universidade de Santiago de Compostela
Real Academia Galega*

Nun momento determinado, que debemos situar xa no século XX, e sen tradición popular algunha, aparece en Galicia unha literatura anticastelá que atopa o seu primeiro antecedente en Rosalía de Castro pero que se constrúe como contraimaxinario durante a etapa das Irmandades da Fala, prolongándose ata 1936.

Da orixe, evolución e fracaso deste mito de construción intelectual e de erudición, pero sen entronque popular algún, tratará esta comunicación.

1. A ausencia dunha temática anticastelá na literatura anterior a Rosalía

Está xa suficientemente repertoriada a literatura castelá de escarnio e de menosprezo contra os galegos, tanto na súa versión culta¹ coma popular² e non é cuestión de volver agora sobre a mesma. Basta ler a Tirso de Molina, Mira de Amescua, Cervantes, Salas Barbadillo, Góngora, Polo de Medina, Calderón, Lope de Vega ou Quevedo para ver cómo os lacaios galegos son todos ladróns e mentireiros, que os criados galegos non merecían confianza, que as mulleres galegas, ademais de feas e de ter uns pés enormes, eran borrachas, ladras e putas.

¹ Herrero García, M., *Ideas de los españoles del siglo XVII*, Madrid, 1922 reed. en Gredos, Madrid, 1966, pp. 202-225; Placer, G. Frei, «Los lacayos de las comedias de Tirso de Molina», separata da revista *Estudios*, (Madrid) 1946; do mesmo, «Tirso en Galicia», *Estudios* (1949), pp. 461 e ss.; Taboada, J., «La descalificación de Galicia en la literatura y en el pueblo», *Douro-Litoral*, 7-8 (Porto 1954), pp. 105-127 e, sobre todo, Caramés Martínez, J., *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*, Galaxia, Vigo, 1993.

² Pensado, J. L., *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 1985.

A fidelidade galega é comparada á das mulas resabidas das que se podía agardar en calquera momento unha couce e, por iso, chamábaselle «coz gallega» ou «coz galliciana».

Se para moitos non era aconsellable can ou mozo galego, de aquí o refrán «ni perro ni mozo gallego», tampouco era recomendable o trato dos galegos, porque xa o dicía o refrán «antes puto que gallego» ou aquel outro «antes moro que gallego» cando ser mouro significaba a maior indignidade social.

Aínda que tódolos pobos de España recibían dos casteláns as insolencias máis diversas, reconece Caro Baroja que «las más sangrantes (eran) las dirigidas contra los gallegos»³.

Pero si é doado recoller esta vil literatura antigalega non o é tanto atopar unha explicación á mesma. É certo, como di Caramés Martínez⁴ que, unha vez creado o tópico literario este se independiza da realidade social, funcionando coma un recurso para produci-lo riso ou mesmo a gargallada especialmente no teatro, sen que isto reflecta un xuízo negativo *per se*, neste caso dos galegos. Indirectamente o reconecía Lope de Vega na súa obra *Arte nuevo de hacer comedias*: «Y escribo por el arte que inventaron / los que el vulgar aplauso pretendieron, / porque como lo paga el vulto, es justo / hablarle en necio para darle gusto». Sen embargo, esta xenerosa interpretación non explica nin a insistencia, nin a gravidade social desta literatura. A crítica debe atopar, trala utilización da *vis comica* como mecanismo fácil para o gusto da plebe, unha segunda intención, unha motivación máis complexa que explique o feito de que sexa precisamente en Madrid onde os galegos, pero tamén os cataláns, os valencianos, murcianos, biscaíños, etc., son desprezados e insultados, obxecto da irrisión da plebe.

Aínda que non podemos demorarnos na explicación desta cuestión, que non é o obxecto preferente desta comunicación, permítasenos adiantar algunhas hipóteses.

Era evidente para todos que o Reino de Castela carecía dunha historia gloriosa, é dicir, da historia que xustifique «o designio providencial» de *Hispaniam restaurare et recuperare*. Por iso desde os Reis Católicos, e baixo a súa inspiración, realízase un frenético proceso de invención dunha historia gloriosa á que contribúen Pablo de Santa María, Alfonso García de Santa María, Sánchez Arévalo, Marineo Sículo e moi particularmente Giovanni Nanni, máis coñecido por Annio de Viterbo, cuxa pluma movíase ó ritmo das chegadas ó seu convento das remesas de dobróns que enviaba Fernando el Católico.

Foi así cómo se inventa que Gerión xa fora rei de Castela, «e así el regno de Castilla es de los más antiguos del mundo» (Alfonso García de Santa María).

³ Caro Baroja, J., *Razas, pueblos y linajes*, Madrid 1957, p. 280.

⁴ Caramés Martínez, X., *A Imaxe*, op. cit. p. 223 e ss.

Forzada a invención dunha historia gloriosa para Castela, esta historia xa quedou canonizada como a historia oficial de España por obra e gracia de Florián Ocampo, Pedro de Medina, Garibay e o P. Mariana.

Se a historia está xa ó servicio do reino de Castela, o idioma realizará de seguida a mesma función, de acordo co apotegma de Nebrija que «la lengua fue siempre compañera del Imperio».

Pódese inventar a historia, pódese impoñer un idioma, pero isto non muda a realidade. E a realidade é que Hispania estaba formada por un conglomerado de pobos con historia propia, idioma propio, e, ás veces, institucións propias. E todo isto é un permanente obstáculo para a vocación asimiladora de Castela.

Cada grupo social cumpre a súa función nestes procesos de reafirmación das propias identidades. Se os intelectuais poñen a pluma ó servicio do novo poder castelán, é o pobo —especialmente o pobo de Madrid— que, en forma inconsciente, realiza un papel destacado neste proceso, protagonizando a cotío, por medio da burla e o menosprezo chocarreiro, o rexeitamento das identidades dos outros pobos. Se os galegos son mouros, os biscaíños xudeus, os cataláns e aragoneses son franceses e os valencianos e murcianos son árabes, estase indicando que a hispanidade só lles corresponde os casteláns. Eles, e só eles, constitúen a esencia da hispanidade.

En definitiva, todo fai pensar que trala fachendosa literatura pro castelá, escóndese un complexo de inferioridade colectivo de quen se sabe poderoso pero sen referentes de antigüidade nun momento no que o sangue e a antigüidade marcaban as xerarquías sociais pero tamén as xerarquías dos países e das nacións. O menosprezo da chusma e dos escritores ó seu servicio logrou crear un imaxinario que lles serviu para realizar con máis facilidade o proceso de asimilación que acompaña a tódolos estados que nacen con vocación imperial.

Pero retornemos á cuestión central desta comunicación.

Tantos prexuízos contra Galicia e os galegos, tanta literatura de menosprezo antigalega *non produciu en Galicia unha paralela literatura anticastelá*.

Tivemos ocasión, anos hai, de recoller, ler e analizar milleiros de refráns, de cantigas e ditos populares. Pois ben, nin para ben, nin para mal (agás algunhas cantigas dos segadores, que estudaremos máis adiante) aparecen os casteláns.

A reacción contra a literatura de menosprezo procede doutro lado: dos intelectuais ó servicio da aristocracia e da igrexa galega que, como é natural, se sentiron afectados. Xorde así unha literatura apoloxética de Galicia, como referente unitario, pero sobre todo defensora do prestixio social da aristocracia e do privilexio exclusivo de se-lo primeiro reino evanxelizado e, por iso, disfrutar do título de primoxenitura da nova historia, da historia que inicia Cristo. Pero todo isto era necesario facelo sen acusar a Castela, sen deteriora-lo inmenso prestixio consolidado polo poder político, sen que a Monarquía se sentise

afectada. Por iso emprégase unha argumentación oblicua que ó mesmo tempo que reforce o prestixio da aristocracia e do clero, indirectamente consolide o poder absoluto da monarquía.

Así, por exemplo, cando o P. Álvarez Sotelo redacta a súa *Historia General de Reyno de Galicia* (século XVII)⁵ e enumera as glorias deste país, salienta que Galicia foi o primeiro reino en recibir o evanxeo en España, de aquí deduce o autor que corresponde ó Rei de Galicia e agora ó Rei de Castela, en canto que ten o título de Rei de Galicia, «preceder en los concilios y actos eclesiásticos a todos los reyes del mundo».

Cando o Licenciado Molina inicia esta literatura apoloxética coa súa obra *Descripción del Reyno de Galicia* (Mondoñedo 1550), o que realmente lle interesa é destaca-la limpeza de orixe e antigüidade da nosa aristocracia e que Galicia é a primoxénita das igrexas de España.

Quen está detrás dos intelectuais que defenden a Galicia (ademais de Molina, Porreño, Gándara, Álvarez de Sotelo, Rojas Villandrando, os irmáns Fernández de Bona, etc.)⁶ é a aristocracia que por medio dos nobiliarios, que cada unha destas obras contén, demostra que Galicia nunca foi ocupada polos árabes, por conseguinte, que a súa antigüidade está contrastada, o seu sangue é limpo e os títulos de *Castela* necesariamente teñen que proceder das liñaxes do Norte ou son títulos serodios. Este é o obxectivo fundamental, o que parece revelar que trala literatura de menosprezo castelá vían un claro intento de rebaixa-la súa grandeza, porque o menosprezo ós galegos dunha ou doutra maneira lles afectaba.

Cando o Conde de Lemos, D. Pedro Fernández de Castro, escribe *El Búho Gallego*, unha das pezas máis curiosas desta literatura apoloxética, está utilizando tamén unha argumentación oblicua. Fixémonos que naquela pintoresca xunta de aves, que representan os distintos pobos de España, baixo a presidencia da Aguia Real, o búho, que representa a Galicia respeta ó ganso castelán mentres que ataca a tódolos demais. O búho defende a Galicia, «mi patria» porque «es la mejor de España, por ser cabo y cabeza desta cabeza», é dicir, porque Galicia, como escribiría o P. Alvarez de Sotelo, proporciona á Monarquía o ser cabeza de toda España polo dereito de primoxenitura que trasladou a Castela ó integrarse o Reino de Galicia nel.

O que o Conde de Lemos pretende deixar claro é que Galicia nunca foi conquistada por árabes, nin acolleu a xudeus e mouriscos. Por iso ten todo o

⁵ Obra, como se sabe, que permanece inédita e da que hai varias copias nos arquivos centrais de Galicia.

⁶ Os interesados poden amplia-lo pensamento destes autores no noso estudo, Barreiro Fernández, X. R.; «A historia da historia», *IV Xornadas da Historia de Galicia*, Ourense 1988, pp. 33-50.

dereito para sentirse identificada coa hispanidade, coa españolidade, que é precisamente o que a literatura castelá pretende escurecer ó considerarnos mouros ou contaminados polo sangue árabe.

Podemos concluír que a literatura castelá antigalega produciu unha resposta moi matizada: unha apoloxética de Galicia encomendada pola aristocracia e polo alto clero a unha serie de intelectuais que tiñan a función de preservar-las dous valores dos que estas clases traían o seu prestixio: a primoxenitura de Galicia na nova orde, na nova historia, na etapa do Cristianismo (inseparable do patrocínio do Apóstolo Santiago que lexitimaba o padroado de Santiago sobre toda España) e a antigüidade e limpeza das liñaxes aristocráticas de Galicia. Pero isto tiña que facerse, e así se fixo, sen desacreditar a Castela, epicentro do poder absoluto do monarca.

2. Rosalía de Castro inicia o mito anticastelán

En *Cantares Gallegos* (1863) inclúe Rosalía dúas composicións que, máis adiante, foron interpretadas como un manifesto anticastelán. Referímonos a «Castellana de Castilla» e a «Castellanos de Castilla». Aparte da súa valoración literaria, tan allea ó noso obxectivo, son dúas as cuestións que nos interesan: o seu valor como testemuña histórica e a súa posterior utilización como bandeira anticastelá.

O profesor Navas Ruiz⁷ considera que nesta composición hai tres aspectos que son indisolubles: o afectivo, o social e o político, é dicir, a dor ante a visión dos segadores galegos, a denuncia pola explotación que sufrían e a protesta claramente política contra unha Castela opresora, unha Castela que simbolizaba a España.

Considera, en troques, o profesor Celso Almuiña⁸, con toda razón, o anacronismo que significa atribuírle unha intención política a esta composición cando ben sabemos que a construción do imaxinario anticastelán e antiespañol é máis tardío.

Para Alonso Montero⁹ «la fuente del conflicto está en una tensión política: la pugna entre la comunidad castellana (soberbia, fanfarrona y sin entrañas) y la comunidad gallega (simple, buena, ingenua) o, dicho de otro modo, entre la «raza» castellana y la «raza» gallega. Nuestra poetisa posee una mente presociológica incapaz de ver que el conflicto se produce entre gallegos pobres

⁷ Navas Ruiz, R., «El segador gallego: de Goya a Rosalía», *Actas do Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, II, Santiago, 1986, pp. 375-380.

⁸ Almuiña, C., «Rosalía», en *Actas do Congreso Internacional, ut supra*, III, Santiago, 1986, pp. 251-260.

⁹ Alonso Montero, X., *Rosalía de Castro*, Madrid, 1975, p. 45.

y castellanos ricos o latifundistas, que son los que imponen las condiciones laborales y cualesquiera otras».

Antes de dar por suposto que a composición poética de Rosalía ten valor histórico, é dicir, que se adecúa á realidade histórica do momento, é preciso introducirse na complexa cuestión dos segadores galegos a Castela, tema que, desde a pioneira obra de A. Vázquez Martínez (1948)¹⁰, foi felizmente rescatada pola ciencia dos eidos do costumismo literario nos que quedara dende o século XIX.

Os segadores constituían un colectivo de emigración estacional, de curta duración, que ofrecían man de obra nas zonas agrícolas nas que había unha demanda aínda que fora coiuntural.

A diferenza dos calendarios agrícolas, determinada polas condicións climáticas, a sobrepoboación dalgúñas rexións e as necesidades económicas, posibilitaba o desprazamento de man de obra, sen prexuízo para o coidado da propia facenda xa que esta podía ser atendida pola familia que permanecía na casa ou mesmo polos emigrados se retornaban con tempo suficiente para axudar na seitura da mesma.

O pago, sempre en numerario, constituía, desta maneira, un complemento adicional importante para unha economía agraria de subsistencia como era a galega.

Estes desprazamentos de man de obra a Castela e, nalgúns casos, mesmo ata Estremadura, están xa documentados dende o século XVII e mantivéronse ata mediados do século XX¹¹.

Pero non foron os galegos os únicos en ofrecer man de obra. Había outros colectivos coa mesma función, como o dos *parameses* (procedentes do Páramo de León) ou o dos *murcianos* (sinécdoque empregada, polo menos en Terra de Campos, para referirse ós colectivos procedentes do Sur e do Sureste de España) e mesmo os chamados *mozos de verano* que eran casteláns, con escasa terra,

¹⁰ Vázquez Martínez, A., «Galicia y la siega castellana», *Bol. Com. Mon. Orense*, XV (1948), pp. 317-346. Reeditado polo Museo do Pobo Galego, *Galicia e a seitura en Castela*, Santiago, 1997 e reproducido no orixinal en *Gallegos a Castilla. Segadores en Tierra de Campos*, Valladolid, 1999, pp. 129-138.

¹¹ Recentes investigacións demostran a permanencia dos segadores ata ben entrado o século XX, cfr. Fernández, Marcelino, «Da Terra Chá á Castela. As migracións estacionais dos segadores galegos do século XX», *Estudios Migratorios* (Consello da Cultura Galega), I (1995), pp. 170-202. Máis recentemente publicou Castro Voces, A., *Segadores en Castela, escravos de sol a sol*, O Barco, 2002, obra realizada sobre unha importante documentación oral, procedente só dos segadores e á que lle falla o contraste da documentación oral procedente dos propietarios. Á obra só lle sobra un certo ton victimista, que xa se pon de manifesto no subtítulo «escravos de sol a sol». Sen embargo, ofrece un rico material que permite historiar a derradeira etapa dos segadores galegos en Castela.

que alugaban a súa man de obra ós propietarios máis ricos para toda a temporada¹².

Magníficas investigacións recentes de etnógrafos e antropólogos permítennos coñecer, máis polo miúdo, as condicións de traballo destes colectivos, superando a visión impresionista que se derivaba das versións literarias dos mesmos.

Os segadores, galegos, parameses ou murcianos estaban organizados en cuadrillas lideradas polo mayoral (o segador de maior prestixio e autoridade) e das que formaban parte os segadores de primeira (chamados «hocés»), os de segunda («medias hocés»), os «atadores» que facían os mollos e os axudantes, rapaces de 15 ou 16 anos. Por conseguinte, o colectivo estaba internamente estratificado en categorías que repercutían nos salarios percibidos, mellor dito na distribución interna dos salarios porque o propietario pagaba á cuadrilla unha cantidade fixa, previamente concertada, e que logo a cuadrilla repartía de acordo coas categorías xa citadas. Isto significa que o segador galego non pechaba individualmente o trato cos propietarios, senón sempre en cuadrilla, podendo desta maneira facer fronte ós propietarios con maiores garantías e cunha maior presión¹³.

A valoración do traballo facíase por fanegas a segar, é dicir, o traballo estaba perfectamente obxectivado, ben marcada a tarefa a realizar e fixado-los pagos por tradición, polos que se fixera o ano anterior coas modulacións requiridas polo aumento dos prezos na vida e polo valor do trigo no mercado. Non había, pois, sorpresas xa que todos partían de valores contrastados: o do traballo a realizar e o do pago a satisfacer.

Non se firmaba ningún papel, como se facían antes as cousas. Para evitar algúns conflitos que se deron, por errónea interpretación das obrigacións asumidas por ámbalas dúas partes, impúxose o costume de pecha-lo acordo verbal entre o propietario e o maioral ante o alcalde ou pedáneo do lugar que, desta maneira, actuaban como árbitros e homes bos en caso de conflito. E xa máis recentemente ante os sindicatos¹⁴.

Estas cautelas poñen de manifesto que non estamos ante unha situación de explotación semiesclavista, como parece deducirse da propia composición de Rosalía de Castro e de certa literatura costumista.

¹² Alonso Ponga, J. L., «Notas sobre los segadores desde la Tierra de Campos», en *Gallegos de Castilla*, op. cit., p. 13-14.

¹³ Unha magnífica descrición das cuadrillas e da organización interna dos colectivos galegos de segadores en Fidalgo Santamarina, J. A., «Campesinos gallegos y las siegas de Castilla», en *Gallegos a Castilla*, op. cit., pp. 42-46.

¹⁴ Sobre os contratos e os conflitos e a intermediación dos concellos, sindicatos ou cámaras agrarias, cfr. Castro Voces, *Segadores en Castela*, op. cit. pp., 97-125.

Evidentemente, o traballo era moi duro. A xornada duraba de sol a sol con só tres descansos: de 9 a 10 para o primeiro bocado, de 12 a 1 para o almorzo e de 6 a 7 para a merenda. As racións eran tamén obxecto de estipulación contractual cando o traballo era a mantido. Durmían «a las estrellas», é dicir, no propio campo e baixo as estrelas para evita-la perda de tempo dos desprazamentos ata a casa, polo xeral bastante distante das fincas.

Pero teñamos en conta que este durísimo calendario era o preferido non só polos propietarios senón tamén polos segadores galegos, porque como as tarefas se realizaban por obra feita, canto antes remataran podían facer aínda outra contrata para a seitura da avea, da cebada, para a colleita dos garavanzos, lentellas, etc., ou, mesmo, para retornar á casa.

Como hoxe está demostrado é unha falacia pensar que tódolos propietarios casteláns eran ricos. Tal crenza conduciu loxicamente a construír un imaxinario de tipo dialéctico: ricos-pobres, explotadores-explotados, casteláns-galegos¹⁵. A cuestión é moito máis complexa. A conformación do terrazo castelán e o clima eran determinantes da necesidade de segar moi rápido para evita-las tormentas de verán que podían arruina-la colleita dun ano. O monocultivo cerealístico explica tamén a urxente necesidade de man de obra allea porque a necesidade se lles presentaba simultaneamente a todos. Nestas circunstancias a aplicación do elemental principio da oferta e da demanda xoga non sabemos moi ben a favor de quen, porque a oferta de traballo é ampla e coincidente e a demanda é máis reducida. En calquera caso estamos fóra dos supostos máis sentimentais que obxectivos dunha sobreexplotación case escravista dos segadores galegos.

Estes sabían moi ben o que lles agardaba en Castela: un traballo durísimo e en condicións extremas, pero que eles entendían que lles compensaba porque o numerario que traían na bursa ó regreso (que sempre se facían tamén colectivamente para evitar ós bandoleiros e roubos) lles permitía mercar unha vaca, un boi, pagar parte do billete para emigrar a América, amaña-la casa, pagar débedas contraídas durante o ano, etc., e todo isto sen perxuicio para os traballos da casa, asegurados polo resto da familia. Nunha economía agraria de supervivencia, como era a galega, Castela significaba a posibilidade non de ser ricos, pero de vivir con máis dignidade a propia pobreza.

A convivencia entre galegos e casteláns, aínda que fora por pouco tempo, xeraba algúns problemas e conflitos. O profesor Abelardo Moralejo publicou hai anos un pequeno traballo sobre o paso das cuadrillas galegas polo seu pobo Argujillo, camiño de Castela. Debemos pensar que a chegada dos galegos, mal vestidos, sucios, cansos, tiña que ser un acontecemento quizais pouco agradable. Iso explica as cantarelas dos rapaces como aquela de «gallego moruso» que

¹⁵ Alonso Ponga, «Notas sobre los segadores», *ut supra*, p. 13.

tanto recordaba ó menosprezo contra os galegos en Madrid¹⁶. Sucedía o mesmo nos lugares de destino?

Estamos ante dous colectivos étnica e culturalmente diferenciados que entran, aínda que por pouco tempo, nunha relación asimétrica¹⁷, na que uns están na súa casa, no seu contexto social, o que lles permite esixir a aceptación dunhas normas, duns códigos de valores que os outros non teñen porque compartir pero si respectar. Pero esa realidade está compensada pola necesidade de que os dous colectivos senten de depender, aínda que sexa precariamente, un dos outros. E esa dependencia é recíproca. O feito de que a experiencia dos segadores durara máis de tres séculos é indicativo da mutua tolerancia que debeu presidi-las relacións sociais.

O valor da propiedade era compartido, por igual, entre os dous colectivos e é difícil que por este motivo apareceran discordias. Outros valores, quizais non tan compartidos, tiveron que ser respectados para facer posible a convivencia. Por iso cantigas como a seguinte:

Castellanos de Castilla
vós habedes rabear
os galegos fan os fillos
vós habédelos criar.

non representan máis que unha forma de revanchismo, un ideal retórico, que non podía ser algo habitual porque non o permitiría o concepto de honor castelán.

O que antecede revela o artificioso prantexamento social da composición poética de Rosalía de Castro «Castellanos de Castilla». É certo que un poeta non é un sociólogo, nin ten por que coñece-las relacións sociais dos colectivos aludidos, máis aínda, está en todo o seu dereito para inventar ou esaxera-las circunstancias que non teñen porque axustarse á realidade. Por iso exculpamos a Rosalía de Castro. Pero o que non é xa lexítimo é utilizar esta composición como un documento, unha testemuña histórica do que en realidade acontecía entre os segadores e os propietarios casteláns.

Outra cousa son os motivos de Rosalía para escribir unha composición tan duramente anticastelá. Se temos diante a outra composición «Castellana de Castilla» na que Rosalía manifesta a ferida aberta polo comportamento dunha fidalga castelá a quen o protagonista amou «como ningún vos amara», podemos entender, como sucedeu no romanticismo con tantos poetas agraviados, que

¹⁶ Moralejo, A., «Gallegos a Castilla», *CEG*, 17 (1950), pp. 441-443.

¹⁷ González Reboredo, X. M., «Segadores e identidade gallega», en *Gallegos a Castilla*, op. cit., p. 57.

aquela terra na que ela tanto amou se obxectivara na súa fantasía como un «locus horribilis» coma un lugar, unha terra que só lle merece repulsión. Iso explicaría que Castela fose para Rosalía un «deserto», con «pezoñosas charcas / detidas no ardente suelo», sen «arbres que che dean sombra», «llanos, sempre llanos/deserto, sempre deserto», que Castela sexa «feia», que debería chamarse «inferno», cun «seco polvo que nunca / mollan as bágoas do ceo». Nese lugar horrible non pode asentarse nin a beleza, nin a xustiza, por iso os casteláns teñen «corazón de ferro» e «corazón de aceiro».

Tal acumulación de dicitivos revelan algo máis que compaixón polos segadores galegos, revelan unha rabia persoal que nunca é compatible, nin nun corazón tan xeneroso coma o de Rosalía, coa xustiza.

3. A construción do mito anticastelán

É Murguía quen elabora a primeira formulación do ideario galeguista, asentando as bases da nosa identidade. Feita a distinción entre nación e estado, fundamenta a nacionalidade, neste caso galega, nos elementos naturais e «eternos» de raza, territorio, lingua, historia, usos e costumes máis unha conciencia colectiva de querer ser distintos¹⁸.

A esencialista interpretación murguiana chega ata Risco que a reformula na súa *Teoría do nacionalismo galego* (1920) con matices e ata Castelao que novamente a reinterpreta.

Un dos elementos esenciais do concepto de nación apoiada na etnicidade é o tratamento que merecen «os outros», é dicir, as nacionalidades que non comparten a mesma etnia nin a mesma historia e, por suposto, o Estado. A nacionalidade realízase necesariamente nun proceso dialéctico fronte ós «outros». E, por iso, na dogmática nacionalista eses «outros» teñen categorías distintas: hai un tratamento de negación fronte ó Estado ou fronte as nacionalidades que non comparten a mesma etnia, como Castela, hai un tratamento de reintegración de cara a Portugal e un tratamento de analoxía cara a países como Cataluña, Irlanda, País Vasco, etc.

No discurso de Murguía, coma no de Brañas¹⁹, están presentes estes referentes de exclusión ou negación, de reintegración e de analoxía, o que non está suficientemente perfilado é a aplicación dos mesmos. En Murguía, por exemplo, o referente de exclusión non se refire, en principio, a Castela.

¹⁸ Barreiro Fernández e Axeitos, X. L., *Manuel Murguía. Vida e obra*, Ed. Xerais, Vigo, 2000, pp. 49-66; Beramendi, X., «Un ideólogo singular: Manuel Murguía e as bases da nacionalidade galega», *Bol. RAG*, 361 (2000), pp. 73-118.

¹⁹ Beramendi, J. G., *Alfredo Brañas no rexionalismo galego*, Fundación A. Brañas, Santiago, 1998, pp. 39-42.

Os mozos das Irmandades da Fala ó reformula-lo ideario nacionalista galego derivan en forma moi clara ata considerar a Castela como o referente de exclusión de Galicia. E foi Castelao quen definiu en forma máis contundente ese referente de exclusión-oposición-negación.

Nun espléndido estudo, os profesores Beramendi e Máiz²⁰ tratan a cuestión.

Comecemos polo momento oposicional ou relacional negativo do concepto de nación en Castelao. Xoga este un papel clave, non só porque deseñe as fronteiras do nacional face ó Totalmente Outro, senón porque enxerga unha dinámica do propio / alleo, unha reductiva claridade amigo / inimigo que resulta estrictamente constitutiva da propia identidade nacionalitaria, da man dun funcional e efectivo contraimaxinario nacional.

Agora ben, ¿cál é en *Sempre en Galiza* a comunidade que desenvolve o rol *da etnia de exclusión / negación*? Se ben, nun primeiro momento puidera pensarse que sería España a chamada a xogar o devandito rol, compre axiña desbotar tal posibilidade por canto resultaría de todo punto contradictorio co propio concepto de nación de Castelao que vimos analizando.

En efecto, se, como ficou clarexado, o núcleo definidor do concepto de nación radica para o noso autor na etnicidade, na homoxeneidade étnica... séguese como corolario lóxicamente necesario que «tal nación non existe» (é dicir España).

España ten unha plural etnicidade interna polo que de ningunha maneira se lle pode aplica-lo concepto organicista de nación. Se, pois, España non é unha nación é imposible constituí-la como arquetipo étnico de exclusión.

A auténtica etnia de exclusión é Castela, pero teñamos en conta que para Castelao, Castela non abrangue só a Castela xeográfica senón a outra España «castiza» e non coincidente coas tres únicas nacionalidades de Galicia, Cataluña e Euskadi, e isto é precisamente o que revela a falta de lóxica interna do discurso de Castelao, porque así considerada Castela tamén carecería dunha base étnica homoxeneizadora e xa non podería ser nin nacionalidade nin referente de exclusión ou negación.

Sentadas as bases do discurso nacionalista, na versión de Castelao, é xa cuestión agora de ver cómo os das Irmandades crean o mito do anticastelanismo galego.

²⁰ Beramendi, X. E Máiz, R., «O pensamento político de Castelao», en Castelao, *Sempre en Galiza*. Edición crítica, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago, Santiago, 1992, pp. 117-120.

Antón Villar Ponte publica no ano 1921 un ensaio sobre «Da paisaxe e a pintura en Galicia»²¹ no que escribe: «E inda non houbo ninguén hasta nosco (refírese ata as Irmandades)... que acertara a se decatarse do senso trascendente *da súa xenreira por Castela* que a levou, dentro do medio poético, a ser a millor paisaxista do chan irto da meseta. Da meseta que esnaquizou o noso sentimento racial e tivo adormentada hasta agora a nosa espiritualidade.... Rosalía deunos as táboas da nova lei, das que os homes do «novecentos» temos que ser evanxelistas. Rosalía adiantouse o seu tempo, como tódolos xenios, para facerse de tódolos tempos, *agora encomenza a atopar discípulos*»²². Queda claro que foron os das Irmandades quen converteron o berro poético anticastelán de Rosalía nunha bandeira ideolóxica de acción política.

A opresión de Castela o mesmo funciona como xustificación do noso atraso económico²³ que como explicación universal dos nosos fracasos históricos²⁴. Mesmo aquelas expresións culturais e artísticas máis nobres, que quedaron na memoria colectiva universal, foron posibles porque Galicia estivo aillada de todo proceso de semitización, iberización ou arabización, é dicir, da influencia de Castela. Galicia, di Otero Pedrayo, é de estirpe aria, atlántica, occidental e, por iso, é tolerante, liberal e democrática. Castela, en troques, pertence á aristocracia da espada. Dende a Idade Media, segue escribindo Otero Pedrayo, Castela constitúese no núcleo central do Estado, confundindo o seu destino como nación co destino do Estado español. E iso explica o seu imperialismo, intolerancia e arrogancia.

Foi, sen dúbida, Cabanillas o poeta máis radicalmente anticastelán. Ademais de enaltece-la figura de Pardo de Cela, como símbolo da independencia galega fronte a Castela na obra teatral *O Mariscal*, que escribe en 1926 con A. Villar Ponte, publica o seu libro *Da terra asoballada* (1917) no que aparece a expresión, logo repetida *usque ad nauseam*,

morre abafada Galicia
baixo a pouta castelán.

Para Cabanillas, Madrid era a quintaesencia do espírito castelán e, por iso, é para el o símbolo da miseria española:

²¹ Villar Ponte, A., «Da paisaxe e a pintura en Galicia», *Nós*, 31 de xaneiro de 1921, reed. por Salvador de Lorenzana (Fernández del Riego) en Antón Villar Ponte, *Pensamento e sementeira*, Ed. Galicia, Buenos Aires, 1971, pp. 119-131. Citaremos por esta edición.

²² Villar Ponte, A., *Pensamento e Sementeira*, pp. 126 e 127.

²³ Para Ramón Villar Ponte, *Doctrina nazonalista*, Ferrol, 1921, p. 94-95 a castelanización foi a causa da emigración galega e da aparición do caciquismo en Galicia.

²⁴ Na *Historia Sintética de Galicia*, A Coruña 1927, Ramón Villar Ponte escribe que de Castela veu a Galicia «a represión ou o entorpecimento da propia autonomía».

Esterqueira
 goio de cobras
 niñal de sapos
 apodrecido ventre dunha España
 que se desfai a anacos.

Antón Villar Ponte, empregando un reduccionismo analítico que causa estupor, nunha conferencia dada en Santiago en 1920 di que «Galiza dende o século XVI devén espritoalmente escrava da hexemonía de Castela», quen rabiosa pola resistencia galega a ser dominada «espallou por todo o mundo o concepto da barbarie galega que inda hoxe perdura... Toda a historia Castelá da Idade Media e Contemporánea está chea de aldraxes para nós, aldraxes traducidos en leis —e iso é o peor— que impiden o noso progreso económico esencial e armónico»²⁵.

Pero foi Castelao quen amosou unha maior obsesión anticastelá. Baste pensar que na súa obra *Sempre en Galiza* cita a Castela 168 veces, e delas, 129 son para criticar, rebaixar, denunciar ou mesmo inxuriar a Castela. Castela é «omnipotente», «intolerante», «usurpadora», manifesta a cotío un «poder abusivo» e o seu un «ideal arrasador», un «propósito absorbente», unha «pantasma inquisitorial». As súas cidades son «moreas de entullo», de «retrasada urbanidade». Toda Castela ten unha «fachenda decadente», é un «ruín imperio político», que está en permanente «agonía», que é xa un «cadáver insepulto».

Conclusión

- O sentimento anticastelán non se percibe no pobo galego en ningún momento da historia, porque na literatura popular (contos, cantigas, refráns, ditos, etc.) non atopamos referencia algunha contra os casteláns (agás dalgunhas composicións dos segadores, xa citadas) e, ademais, a partir do século XVIII a burguesía foránea de orixe castelá que se instala en Galicia foi acollida exactamente igual que a burguesía foránea doutros pobos²⁶.

²⁵ *A Nosa Terra*, 25 de maio de 1920.

²⁶ A partir de 1760 e ata mediados do século XIX instálanse e consolidanse en Galicia como comerciantes ou industriais unha serie de familias de orixe castelá: Bartolomé Casas Díez (de Mota de Toro, Zamora), F. Ortega (de Palazuelo, Valladolid), Bonifacio López (de Medina de Rioseco, Valladolid), Manuel Pérez Villarroel e José Nieto García (de Cuenca de Campos, Palencia), Luis de Arévalo (de Medina de Rioseco, Valladolid), Toribio Batalla (de Palencia), Ceferino Arias (de Palencia), Tomás Bobo (de Villar de Ciervos, León), Francisco Gurrea, (de Nájera, Burgos), a longa familia Yáñez (de Palencia), Anselmo Cabello (de Valladolid), Vilarrubia (Palencia), Cabezudo (Valladolid), Silverio Moreno, Andrés García, De la Riba Moreno, del Molino, etc. (todos de A Rioxa). En ningún caso atopamos o menor síntoma de

- Que o anticastelanismo da intelectualidade galega é unha mera construción teórica, sen fundamento na realidade galega, cunha evidente intención política e que non consta que xerara ningún tipo de entusiasmo no pobo galego.
- Que a partir da Guerra Civil o anticastelanismo foi desprazado do discurso teórico da galeguidade, sendo substituído, nalgúns sectores, polo sentimento de exclusión do Estado Español, que encaixa moito mellor nunha dialéctica nacionalismo-estado español.

Por iso, nun traballo anterior, no que se recollía unha conferencia que pronunciamos na universidade de Valladolid²⁷ cualificabamos como *mito de erudición* o esforzo dalgúns intelectuais nacionalistas anteriores á Guerra en construír un referente anticastelán, como unha especie de explicación global de toda a nosa problemática, esforzo intelectual que quedou frustrado ante a escasa receptividade da sociedade galega.

resistencia popular á convivencia con estes recién chegados que, co tempo, se converteron en poderosos industriais e comerciantes.

²⁷ Barreiro Fernández, X. R., «El mito del anticastellanismo en Galicia, en Castilla y España», Luís Suárez Fernández [et. al.], Castilla y España, Valladolid, Instituto Univ. de Historia Simancas, Univ. de Valladolid, 2000, pp. 91-117.